



# O Cabeso

Voceiro da Asociación Amigos da Dorna - Portonovo • Núm. 1 2000



Navegando por augas de Rianxo

*a Jatiña*

**Na Bretaña Francesa** atópase a vila de Douarnenez. Durante séculos a súa economía estivo baseada na actividade do seu porto pesqueiro. Na década dos anos setenta e por mor da reducción dos caladoiros, a actividade pesqueira paralizouse, desaparecendo o principal motor da economía desta vila. Pero lonxe de esquecelo seu vencellamento co mar e a pesca, reconverteu o seu porto, creando un museo da embarcación de pesca tradicional.

Esta reconversión posibilitou que na actualidade a vila de Douarnenez e a súa cultura sexan coñecidas en toda Europa, adquirindo unha calidade de vida superior á que tiñan cando dependían da súa flota pesqueira

En 1992, e co gallo da inauguración deste museo, decidíuse organizar un ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS e sobre a cultura mariña en xeral. A esta convocatoria sumouse a cidade portuaria de Brest como porto para o atraque dos grandes veleiros.

Na derradeira convocatoria o número de embarcacións participantes superou os dous milleiros, con 18.000 tripulantes procedentes de vinte países, ariegándose o recinto de exposicións máis de dous millóns de visitantes.



Nesta edición do 2000, a celebrar do 17 ó 22 de Xullo, Galicia é invitada de honra, para o qué a expedición galega contará con un pavillón para o uso exclusivo das asociacións pertencentes á Federación Galega pola Cultura Marítima. **AMIGOS DA DORNA** pretende acudir a este importante evento, coa súa dorna xeiteira, a JATIÑA, para o que está na procura das axudas necesarias para financia-la viaxe.

A organización francesa cedéunos un stand, onde pensamos amosa-las excelencias turísticas e de deportes náuticos do Concello de Sanxenxo. Entre as Institucións que xa se comprometeron a acudir están os Concellos de Vigo, Rianxo (Con dous stands), Mancomunidad do Salnés, Ferrolterra,... contando coa colaboración e axuda da Consellería de Pesca para o traslado das embarcacións.

**BRETEMA**  
CENTRO DE ESTUDIOS

Trav. Arenal, 35 - 1º - Tfno. 986 69 13 68 - PORTONOV

- E. Primaria
- E. Secundaria
- F.P.
- Selectivo
- B.U.P. - C.O.U.
- Idiomas

Café - Bar

**BAIUCA**

C/. Ramón Valenzuela, 6 - Telf. 986 72 37 02 - PORTONOV

# O Cabeso

**Estamos no tempo** de inicia-la tempada de navegación; e antes de nada, convén facer un repaso do que foi a do ano pasado. A JATIÑA adentrouse na ría de Arousa acodindo ós IV Encontros de Embarcacións Tradicionais que se celebraron no mes de Xuño en Rianxo; alí navegamos competindo coas outras dornas xeiteiras, de O Grove e Ribeira.




En Agosto, e xa dentro da nosa ría, acudimos primeiro á concentración de Bueu con tres dornas e na seguinte fin de semana, coincidindo coa Festa da Ameixa de Campelo, AMIGOS DA DORNA levou a Combarro as súas embarcacións, sendo a asociación que participou con máis barcos (duas dornas polbeiras, unha xeiteria e unha nai).




E como remate da tempada 99, organizamos en Setembro unha travesía na goleta Valle Inclán para os nosos socios. Máis de sesenta persoas disfrutamos deste fermoso barco nunha travesía que nos levou ata as illas Cies. Houbo churrasco e viño e tamén moito mareo na volta, por mor da forte nortada que se levantou.

**AMIGOS DA DORNA** está medrando e esto implica que temos unha serie de necesidades materiais que precisamos con urxencia. Somos máis de cen socios; mantemos contactos con outras asociacións de Galicia, Portugal e Francia; posuimos unha dorna xeiteira. Para canalizar estas necesidades precisamos dun local, onde ter un ordenador e un teléfono, onde poder gada-los aparellos: chalecos, velas, cabos...

Estamos en contacto con Portos de Galicia, pois este organismo posúe un galpón en desuso no peirao de Portonovo. AMIGOS DA DORNA considera que sería positivo que unha institución como Portos de Galicia apoiara a recuperación e divulgación do noso patrimonio marítimo, alugándonos dito galpón.



**A JATIÑA**, buque insigne da nosa asociación, presidirá a carpa da VI Festa da Raia, a celebrar do 14 ó 17 de Abril. Dentro desta carpa, e un ano máis, AMIGOS DA DORNA disporá dun stand propio, onde se poderán observar maquetas e antigas fotografías de dornas. Será unha nova cita para falar e tomar uns viños.



**O peirado de Portonovo** ten a honra de se-lo porto base da dorna máis grande de Galicia; é dicir, a más grande do mundo: a SURFEIRA, de 8 m. de eslora.

O seu armador, Manuel Sineiro, espera tela totalmente aparellada para este verán. Unha nova embarcación tradicional navegando pola ría de Pontevedra.



jatinha@navegalia.com é o noso correo electrónico. Estamos tamén elaborando unha páxina web. De tódolos xeitos, para aqueles que queiran contactar con nós por métodos más tradicionais, o noso telf. é 986 72 37 02 e o enderezo: Rúa Valenzuela, nº 6 - 36970 Portonovo.



Xa te podes facer socio/a do Clube Goleta Valle Inclán, e de balde. En tódalas oficiñas de Caixa Vigo e Ourense poderás recoller o folleto informativo para inscribirte. Enviaránche unha revista e poderás entrar no sorteo de viaxes na Goleta.



**PROMOCIONES  
PORTONOV S.L.**

Cta. La Lanzada, 34 - bajo B - Telf. y Fax 986 720 969  
36970 PORTONOV

A Federación Galega pola Cultura Marítima (FGCM) é unha institución creada en 1993 que reúne a diferentes colectivos, clubes e asociacións culturais interesadas pola cultura do mar. Ten como obxectivo fundamental promove-la protección, divulgación, recuperación e conservación do patrimonio marítimo de Galicia. En base a estes principios, a FGCM organiza multitude de actividades en colaboración co Museo do Pobo Galego diferentes administracións públicas e empresas privadas. Desde 1993, e cada dous anos, a Federación organiza os Encontros de Embarcacións Tradicionais (Ribeira 93, Coruxo 95, O Grove 97 e Rianxo 99) onde se amosa a recuperación e conservación de diferentes tipos de embarcacións que existen en Galicia, sendo estes encontros un punto de referencia para as diferentes asociacións galegas e de Francia e Portugal.



Entre as dezasete asociacións que pertencemos á FGCM posuimos todo tipo de embarcacións, que abranque desde os botes de Ribadeo e Ferrol, pasando polas bueltas e lanchas de Muros e Corcubión, diferentes tipos de dornas das Rías Baixas, ata as gamelas da Guarda.

Para máis información sobre as actividades da FGCM o seu enderezo é: Casa da Cultura; Rúa Nova, nº4 - 36630 Cambados.



- EFECTOS NAVAIS
- DEPORTES NÁUTICOS
- PESCA
- CEBO VIVO
- CAMPING

Ctra. A Lanzada, 36 - Telf./Fax 986 69 14 52  
36970 PORTONOV (Pontevedra)